



PROGRAMACIÓN GRUPO B (Xaneiro – Marzo 2011)




El sol de los Scorta, de Laurent Gaudé

Na paisaxe árida e mediterránea do sur de Italia desenvólvese a historia dunha estirpe maldita que chega ata hoxe e empeza en 1875, cando Luciano Mascalone volve, tras quince anos de cadea, a Montepuccio para cumprir unha vella obsesión. Obra con destino de traxedia grega e ambientes propios do neorrealismo literario e cinematográfico.

Olive Kitteridge, de Elizabeth Strout

Premio Pulitzer 2009. Son trece relatos unidos por un nexo común, a profesora retirada Olive Kitteridge ofrece a súa óptica particular sobre a vida cotiá dunha pequena vila mariñeira do condado de Maine. Elizabeth Strout gañou así mesmo o National Book Award con este título.



O club da calceta, de María Reimóndez

Un grupo de seis mulleres moi diferentes se unen de xeito, en principio, casual nun ámbito tan tradicionalmente feminino como é un club de calcetar. Pero esas agullas non só tecerán prendas de la, tamén unirán os seus destinos grazas á solidariedade, ao entendemento, á palabra compartida.

Memorial del convento, de José Saramago

A gran novela histórica do Portugal do século XVIII, ten como motivo central a construción dun convento franciscano en tempos do rei Joao V e a historia dalgúns dos personaxes que se ven envoltos nesta grande empresa. Premio Nobel de Literatura 1998 afincado en Lanzarote ata a súa morte en xuño de 2010.



Enderezo descoñecido, de Kressmann Taylor

Contrapunto epistolar entre dous amigos e socios alemáns, Max Einsenstein reside en Norteamérica e Martín Schulse volta de novo á Alemania que vive os albores do nazismo. Brevísimas novelas publicadas en 1938 baixo pseudónimo por esta escritora norteamericana de ascendencia alemá e dende entón publicada en diversos idiomas e adaptada cinematograficamente e ao teatro. A edición holandesa foi no seu momento confiscada polos nazis.

Lo que esconde tu nombre, de Clara Sánchez

A tranquila vida na costa de Levante dun matrimonio noruego de octoxenarios de pasado nazi ata que se cruza na súa vida Julián, un republicano español que estivo prisioneiro no campo de Mauthausen e chega a España dende Arxentina. Premio Nadal 2010.

